

Selección e admisión de usuarios do comedor escolar curso 2022-23

Durante os meses de **xuño e xullo do ano en curso o centro reunirá e ordenará as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2021-2022**, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o **Consello Escolar**, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, **revisará e baremará a totalidade das ditas solicitudes**, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa seguinte **orde de preferencia**:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
3. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
4. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
5. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
6. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, **con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición ocupada nesas listas nos taboleiros de anuncios dos centros**, abríndose de seguido un **prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións**.

Unha vez resoltas as alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a **lista dos admitidos e a lista da reserva, que volverá a ser exposto no centro**, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

Polo tanto, do día 6 ao 17 de xuño, entregar en Secretaría ou enviar ao correo electrónico ceip.ramon.cajal@edu.xunta.gal:

- **Impreso de solicitude de praza para o comedor escolar.**
- **Copia do padrón actualizado.**
- **Impreso de Autodeclaración por cada alumno que solicite este servizo, debidamente cuberto e asinado. De non presentar este documento estarán obrigados a abonar 4,50 euros por usuario e día de asistencia ao comedor.**
- **Toda a documentación que se desexe aportar segundo os criterios mencionados na orde de preferencia.**